



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FUNDACIÓN VODAFONE ESPAÑA.

Antecedentes

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (en adiante CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN) é o departamento da Xunta de Galicia ao que corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regulado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

A AMTEGA, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, (modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro) ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes competencias e funcións: a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Pola súa banda, a FUNDACIÓN VODAFONE é unha institución privada, non lucrativa, de carácter de investigación e duración indefinida, baixo o protectorado do del Ministerio de Cultura y Deporte. e entre os seus fins está realizar toda clase de estudos e investigacións sobre os beneficios sociais das comunicacións

A FUNDACIÓN VODAFONE, co obxectivo de potenciar o desenvolvemento da competencia dixital á infancia e mocidade en España, deseñou un programa de formación e reforzo en





habilidades dixitais e as súas competencias asociadas dirixido a alumnado de 5º e 6º de Educación primaria, con foco especial en infancia vulnerable, denominado DigiCraft (en diante, o "Programa DigiCraft").

Razóns de oportunidade e obxectivos

O obxecto do convenio é regular a colaboración entre a AMTEGA, a CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN e a FUNDACIÓN VODAFONE, en relación co Proxecto "Aventuras DigiCraft" (en diante, o "Proxecto").

Este Proxecto é unha evolución do programa "DigiCraft en tu cole" que, mantendo a metodoloxía e elementos esenciais de DigiCraft como son o traballo da competencia dixital do alumnado profesorado e o uso integrado da tecnoloxía, pon o foco na formación a docentes e a posta a disposición dos mesmos de recursos didácticos para o seu uso na aula, simplificando así a posta en marcha do programa nos centros escolares e eliminando a entrega de materiais tecnolóxicos.

O presente convenio non implica por si mesmo a obriga de realizar ningún tipo de contraprestación económica por ningunha das partes asinantes.

Con base nas consideracións anteriores, considérase axeitada a tramitación da presente relación como convenio de colaboración, ao non estar presente a nota de onerosidade propia dos contratos administrativos.

Santiago de Compostela,

Departamento Xurídico

Asdo: Eladio Romero Maneiro

